

RESOLUCIÓN REITORAL DE ENCARGO Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE E COA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Universidade da Coruña (a partir de agora UDC) conta con máis de 50 edificios repartidos entre os campus da Coruña e Ferrol. Para o correcto funcionamento das actividades desenvolvidas nos centros da UDC é precisa a prestación do servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente e coa seguridade e saúde laboral.

SEGUNDO. Durante anos, a UDC tivo contratado este servizo mediante licitación pública, repartido en numerosos expedientes. En 2023 realizou un encargo á FUAC para a xestión do servizo (R.R. do 10 de xullo), que resultou anulado por Resolución nº 226/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (en diante TACGal) polas razóns que se sinalarán. A formalización de dito encargo veu xustificada non so por un criterio de eficiencia no gasto público, senón e principalmente pola necesidade de contar con flexibilidade na organización do servizo. Os cambios nas necesidades docentes derivados dos novos plans formativos, a variabilidade do número de estudantes matriculados cada ano e mesmo as incertezas derivadas das crises, como a COVID ou a enerxética, poñen en valor a internalización do servizo e a capacidade de autoorganización do mesmo.

TERCEIRO. Mediante Resolución reitoral de 10 de xullo de 2023, a UDC realizou o encargo do servizo á FUAC. Por Resolución nº 226/2023, do 28 de decembro, o TACGal anulou dita resolución por incumprir a esixencia legal recollida no artigo 32.2.c) LCSP, que dispón que cando o ente destinatario do encargo sexa un ente de personificación xurídico-privada, a totalidade do seu capital ou patrimonio ten que ser de titularidade pública. O TACGal considerou que na FUAC existían socios privados que realizan achegas periódicas económicas.

CUARTO. Na sesión celebrada o 18 de xullo de 2024, o Padroado da FUAC tomou o acordo de modificar os Estatutos da Fundación. Segundo consta nunha certificación expedida pola Secretaría do Padroado, aprobouse por unanimidade o seguinte acordo:

“Modificar os estatutos da FUAC, medio propio e servizo técnico da Universidade da Coruña, de acordo coa proposta formulada polo presidente, adoptando a configuración como medio propio, cinguíndose exclusivamente a participación como socio ou membro a entidades públicas, eliminando o Consello Asesor...”.

Dáse, por tanto, cumprimento a o único requisito que se entendeu incumplido polo TACGal para que a FUAC poda asumir o encargo, polo que procede ditar nova resolución que o formalice, previo informe favorable da Secretaría Xeral da UDC (ANEXO III).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. O encargo faise conforme ao disposto no artigo 32.2 LCSP

A FUAC ten a condición de medio propio da UDC porque cumpre as esixencias establecidas no artigo 32 LCSP.

Así, en primeiro lugar, a UDC exerce sobre a FUAC un control, directo o indirecto, análogo ao que ostentaría sobre os seus propios servizos o unidades, de maneira que pode exercer sobre dita fundación unha influencia decisiva sobre os seus obxectivos estratéxicos e decisións significativas.

Código Seguro De Verificación	gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	30/09/2024 13:12:37
Observacións		Páxina	1/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Tal e como se sinala no propio artigo 32, entenderase que o poder adxudicador que pode conferirlle encargos ostenta sobre o ente destinatario do mesmo un control análogo ao que exerce sobre os seus propios servizos o unidades cando poda conferirlle encargos que sexan de execución obrigatoria por así establecelo os estatutos, de maneira que exista unha unidade de decisión entre eles, de acordo con instrucións fixadas unilateralmente por el ente que pode realizar el encargo. Pois ben, segundo se dispón no artigo 3 dos Estatutos da FUAC, as relacións desta coa UDC non se considerarán de natureza contractual e son, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado.

En segundo lugar, máis do 80 por cento das actividades da FUAC lévanse a cabo no exercicio dos labores que lle foron confiados pola UDC, segundo a certificación expedida polo Director Xerente da FUAC, referida aos tres últimos exercicios nos termos esixidos polo artigo 32 LCSP (ANEXO I).

En terceiro lugar, o patrimonio da FUAC é público, segundo a certificación expedida pola Secretaria do Padroado da FUAC, logo da modificación dos seus Estatutos realizada por acordo do seu Padroado o 18 de xullo de 2024 (ANEXO I). Tras a modificación dos Estatutos, desaparece o Consello Asesor e os membros fundadores ou de número non públicos, quedando conformado o Padroado por 16 membros da UDC e coa posibilidade de incorporación de entidades e institucións públicas (artigo 14).

En cuarto lugar, a condición de medio propio personificado da FUAC respecto da UDC recoñécese expresamente no artigo 3 dos seus Estatutos, para o que resultou preciso verificar con carácter previo a dispoñibilidade de medios persoais e materiais apropiados para a realización dos encargos de conformidade co seu obxecto social. A mención estatutaria cumpre coas esixencias dispostas no artigo 32 respecto das determinacións necesarias que deben recollerse nos estatutos: o poder adxudicador respecto do cal ten esa condición; o réxime xurídico e administrativo dos encargos que se lles poidan conferir; e establecer a imposibilidade de que participen en licitacións públicas convocadas pola UDC.

II. O encargo cumpre coas esixencias establecidas no artigo 49 da Lei 16/2010

O obxecto do encargo -xestión do servizo de limpeza- está expresamente recollido no artigo 9 dos Estatutos da FUAC: “A limpeza interior e exterior, hixienización, acondicionamento, e transporte e tratamento de residuos derivados desas actividades d conformidade coa normativa vixente”. E entre as actividades económicas rexistradas da FUAC está expresamente a recollida no epígrafe do IAE 922.

A FUAC dispón de estrutura e servizos técnicos suficientes para facerse responsable da organización e xestión dos traballos que desenvolva e das prestacións encargadas así como da súa calidade técnica, cumpríndose a esixencia do artigo 49 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Consta no expediente:

- Unha memoria xustificativa da eficacia, eficiencia e rendibilidade do encargo de xestión
- Un informe sobre as tarifas aplicables
- Un informe económico externo sobre a encarga a realizar
- Unha listaxe de medios humanos e materiais dispoñibles para a execución do servizo

Todos estes documentos foron postos a disposición do TACGal a propósito da execución da súa Resolución nº 154/2023, de 8 de setembro, que anulou o primeiro dos encargos formulados pola

Código Seguro De Verificación	gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	30/09/2024 13:12:37
Observacións		Páxina	2/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



UDC á FUAC por ausencia no expediente de xustificación suficiente da estrutura e medios necesarios, e que obrigou a retrotraer as actuacións. De feito, o TACGal, na súa Resolución nº 226/2023 declara que “consta documentalmente unha análise xustificativa sobre a capacidade da Fundación para facer fronte á execución do encargo”, e concreta que, en canto ao persoal, cómpre salientar que no ámbito do servizo a executar consta o dereito de subrogación dos traballadores actualmente adscritos, que na listaxe que consta no expediente ascenden a case 140 persoas, e en canto aos medios materiais, constan previstos ou en fase de implantación na listaxe de medios propios a adscribir ao servizo varios espazos físicos ou un sistema de control horario.

Acompáñanse como ANEXO II os documentos antes referidos, debidamente actualizados á data de realización do encargo.

Polo exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO. A fin de lograr a prestación dun servizo de limpeza eficaz, respectuoso co medio e que garanta un entorno adecuado para o normal desenvolvemento das actividades da UDC, encárgase á FUAC a xestión do servizo de limpeza de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

1ª. Este encargo baséase no artigo 32 da LCSP, por tanto, ten un carácter obrigatorio para a FUAC, que a deberá aceptar e executar conforme ás instrucións técnicas, administrativas e académicas da UDC para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes.

2ª. A competencia seguirá sendo da UDC, que será a que estableza as tarifas, a apertura, uso e afluencia das instalacións así como a normativa dos centros. A FUAC unicamente se encargará da súa xestión diaria e da actividade operativa da limpeza.

As tarefas obxecto deste encargo que debe realizar a FUAC, así como os requisitos para as desenvolver, son a de dar prestar un servizo integral de limpeza respectuoso co medio ambiente e coa seguridade e saúde laboral, aportando os medios humanos, técnicos, materiais e organizativos para unha correcta prestación do encargo.

3ª. A responsabilidade do encargo recaerá na Xerencia da UDC que poderá nomear un/unha interlocutor/a coa FUAC. Establécese como dirección da execución do encargo á Xerencia da FUAC, sendo esta polo tanto a responsable da execución técnica, administrativa e económica do encargo.

4ª. O pagamento da cantidade estipulada realizarase tras a xustificación das tarefas executadas e a certificación do gasto realizado.

Haberá unha tarifa pola cal a UDC pagará por esta xestión. Haberá unha liquidación, posto que o encargo non pode supor custo para a FUAC, que se fará ao final de cada exercicio económico co resumo de gastos directos e indirectos.

Mensualmente, a FUAC enviará unha certificación parcial do número de horas executado comparado co número de horas previsto para solicitar o pago á UDC. A UDC abonará mensualmente a cantidade que resulte de aplicar a tarifa vixente co número de horas realmente executado.

A UDC establecerá un sistema de control horario para garantir a execución do servizo nos centros estipulados. A FUAC deberá presentar nas certificacións este control horario.

Contéplanse posibles anticipos a favor da FUAC mediante solicitude previa por escrito para

Código Seguro De Verificación	gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	30/09/2024 13:12:37
Observacións		Páxina	3/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



garantir a correcta prestación do servizo. Estes anticipos serán descontados da certificación anual.

As certificacións incluírán:

Gastos directos:

A FUAC presentará os gastos directamente soportados para a execución do encargo, entre os que destacan:

- gasto real do persoal directo de execución do encargo
- gasto de material funxible e produtos de limpeza
- gasto do persoal coordinador do encargo
- gastos directos de amortización de inversións relacionados directamente co encargo
- gastos das subcontratas e asesorías precisas
- calquera outro gasto, indemnizacións do persoal ou continxencia directa do servizo

Terase en conta en todo momento o convenio colectivo de aplicación do persoal asignado directamente pola FUAC as tarefas de limpeza.

Gastos xerais:

Dentro do cálculo da tarifa xa se tivo en conta un importe para os gastos indirectos da FUAC. Os custos indirectos imputados pola FUAC polas estas tarefas non requirirán xustificación.

5ª. A FUAC presentará unha certificación económica como balance final de cada exercicio económico, dentro do mes de xaneiro seguinte. O dito balance final incluírá:

- Gastos reais soportados segundo o indicado na cláusula cuarta.
- Remanente/déficit xerado ou acumulado polo cobro da tarifa por hora establecido.
- Anticipos recibidos no seu caso.
- Solicitude de emisión de nota de cargo para reintegro dos remanentes ou, se houbese diferenza negativa, compensación do déficit.

6ª. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre a realización dos traballos do encargo. Para este efecto,

- A FUAC levará unha contabilidade analítica separada de ingresos e gastos directos para o que establecerá os criterios operativos para a imputación que corresponder dos gastos xerais.
- A FUAC conservará todos os documentos xustificativos do gasto directo, que quedarán debidamente custodiados e á disposición da UDC, en canto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

7ª. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio para desenvolver as actuacións encomendadas, a FUAC empregará o galego, para o que utilizará para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

8ª. A realización do encargo non suporá a existencia dunha relación funcional nin laboral do persoal da FUAC dedicado ao encargo coa UDC.

9ª. É obriga da FUAC e da UDC publicar este encargo na súa páxina web e no correspondente perfil do contratante.

Código Seguro De Verificación	gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	30/09/2024 13:12:37
Observacións		Páxina	4/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



10ª. A execución deste encargo comezará o 1 de outubro de 2024.

A duración deste encargo será até o 31 de decembro de 2028, e o prazo máximo de xustificación de cada exercicio rematará o 31 de xaneiro do ano posterior á finalización de cada exercicio.

Este encargo de xestión poderá ser prorrogado por períodos anuais de xeito explícito por decisión do reitor sempre antes da finalización do período inicial ou dalgunha das súas prórrogas.

11ª. Correspóndelle á UDC, a través da Xerencia, a interpretación do encargo, así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

12ª. A execución deste encargo de xestión implica o tratamento dos seguintes datos persoais por parte da UDC: datos identificativos do persoal, antigüidade, idade, grao de discapacidade e situacións persoais necesarias para a correcta prestación do servizo. No tratamento destes datos, respectarase na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

O tratamento destes datos persoais terá a finalidade prevista neste encargo de xestión, que é a prestación do servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente a seguridade e saúde laboral. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD.

Como se indica na Cláusula 1ª, a FUAC seguirá as instrucións técnicas, administrativas e académicas da UDC para a interpretación dos traballos encomendados. Deste xeito, actuará como encargada do tratamento dos datos persoais aos que necesitará acceder para o desempeño das súas funcións, e cumprirá polo tanto co previsto no artigo 28 RXPd.

SEGUNDO. O orzamento para as ditas actuacións financiarase con cargo á partida orzamentaria 1000.121A.22700. Se nalgún exercicio se superase o importe previsto, a FUAC solicitaríalle previamente á UDC a tramitación urxente do correspondente suplemento de crédito. Se a liquidación final fose positiva, a FUAC ingresará o importe na conta xeral da UDC ou quedará a conta do exercicio seguinte. As tarifas a aplicar serán as previstas na seguinte táboa:

TIPO DE CUSTE	CONCEPTO	IPC		2,50%			
		EXERCIZO	2024	2025	2026	2027	2028
		PREZO	OUT-DEC	XAN-DEC	XAN-DEC	XAN-DEC	XAN-DEC
MAN DE OBRA DIRECTA	SOLDOS E SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL	2.105.577,37 €	545.870,93 €	2.238.070,83 €	2.294.022,60 €	2.351.373,16 €	2.410.157,48 €
	CONVENIO	77.906,36 €					
CUSTES ASOCIADOS AO SERVIZO	SUPERVISIÓN (1% MOD)	21.834,84 €	60.186,23 €	246.763,52 €	252.932,61 €	259.255,93 €	265.737,33 €
	MATERIAIS DE CONSUMO (3,5% MOD)	76.421,93 €					
	VESTIARIO	14.701,50 €					
	SUMINISTROS ASEO (2,5% MOD)	66.050,38 €					
	MAQUINARIA	15.000,00 €					
	CONTEDORES DESTRUCCIÓN DOCUMENTAL	7.411,25 €					
	SERVIZO DDD	21.175,00 €					
	PREVENCIÓN E OUTROS SERVIZOS	18.150,00 €					
CUSTES ASOCIADOS Á FUAC	PERSOAL COORDINACIÓN	60.000,00 €	68.174,41 €	279.515,08 €	286.502,96 €	293.665,53 €	301.007,17 €
	PERSOAL SUPERVISIÓN	53.200,00 €					
	GASTOS INDIRECTOS	159.497,64 €					
TOTAL			674.231,57 €	2.764.349,43 €	2.833.458,17 €	2.904.294,62 €	2.976.901,99 €
HORAS ANO SOLICITADAS EFECTIVAS			36.210	144.841	144.841	144.841	144.841
PREZO/HORA			18,62	19,09	19,56	20,05	20,55

Código Seguro De Verificación	gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	30/09/2024 13:12:37
Observacións		Páxina	5/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



As tarifas propostas cobren os custos directos e indirectos, é dicir, o custo efectivo real da prestación do servizo por parte da FUAC. En cumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente, o encargo está eximido do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), de conformidade co disposto na Disposición final décima da LCSP.

Na data da sinatura dixital

O REITOR

Código Seguro De Verificación	gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	30/09/2024 13:12:37
Observacións		Páxina	6/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXOS**ANEXO I. Acreditación da condición de medio propio da FUAC (cumprimento do artigo 32.2 LCSP)**

1. Copia de escritura de elevación a público do acordo do padroado da FUAC con data 18 de xullo de 2024 polo que se aproban por unanimidade os Estatutos da FUAC
2. Certificación de cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 32.2 LCSP

ANEXO II. Acreditación de estrutura e servizos técnicos da FUAC (cumprimento do artigo 49 da Lei 16/2010)

1. Memoria xustificativa da eficacia, eficiencia e rendibilidade do encargo de xestión
2. Informe sobre as tarifas aplicables á prestación do servizo
3. Informe económico externo sobre o encargo a realizar
4. Listaxe de medios humanos e materiais dispoñibles para a execución do servizo

ANEXO III. Informe favorable á proposta de Resolución Reitoral do encargo á Fundación da Universidade da Coruña para a xestión do servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente e coa seguridade e saúde laboral

Código Seguro De Verificación	gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	30/09/2024 13:12:37
Observacións		Páxina	7/7
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/gxFSEiA/Ka+kn+D+KjV/kw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





HZ8635562

MARÍA DE LA CRUZ NIETO PEÑAMARÍA**NOTARIO**

Anxo Seura, 6 – Bajo – O BURGEO

Teléfono: 981 61 25 69 Fax: 981 66 70 52

15670 CULLEREDO

NÚMERO DOS MIL CIENTO TREINTA Y UNO -----

----MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS----

En Culleredo, mi residencia, a nueve de septiembre de dos mil veinticuatro.-----

Ante mí, MARÍA DE LA CRUZ NIETO PEÑAMARÍA, Notario del Ilustre Colegio Notarial de Galicia,-----

COMPARECE:-----

DON JUAN JOSÉ GÓMEZ ROMERO, mayor de edad, casado, domiciliado, a estos efectos, en A Coruña, calle Paseo de Ronda, número 47, 2º, y con DNI número 36055501B.-----

INTERVIENE en representación de la entidad, "FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA" (FUAC) de nacionalidad española, domiciliada en A Coruña, calle Paseo de Ronda, número 47, 2º.-----

La expresada entidad es una Fundación de carácter Benéfico-Docente y fue constituida en virtud de escritura otorgada el veinticuatro de marzo de mil novecientos noventa y siete ante el Notario que fue de A Coruña don Pablo Valencia Ces, número 893 de protocolo, para la promoción, desarrollo y financiación de las actividades propias de la Universidad da

Coruña y sus relaciones con la sociedad. -----

Tiene asignado el CIF número G15597289. -----

Trasladó su domicilio en escritura autorizada por mí el veinte de junio de dos mil ocho, número 957 de protocolo. ----

Ejerce esta representación como Director-Xerente, cargo para el que fue nombrado en acuerdos del Patronato del día veintinueve de mayo de dos mil catorce, elevados a público en escritura autorizada por mí el seis de junio de dos mil catorce, número 854 de protocolo. Está especialmente facultado para este acto por acuerdo adoptado por el Patronato de la Fundación de fecha dieciocho de julio de dos mil veinticuatro, según certificación que me entrega para unir a esta matriz, expedida por la Secretaría doña Marta García Pérez, con el visto bueno del Vicepresidente, don Antonio Abril Abadín, firmada digitalmente de la que, tras comprobar su autenticidad con el correspondiente código de verificación, que, a su solicitud, incorporo a esta matriz. Asegura la vigencia de su representación y que no ha variado la capacidad, ni los datos identificativos, en especial el objeto social y el domicilio, de la Fundación que representa, respecto a los consignados en las escrituras reseñadas, siendo, a mi juicio, suficientes las facultades representativas acreditadas para el otorgamiento de esta escritura de modificación de estatutos. -----



PAPEL EXCLUSIVO PARA DOCUMENTOS NOTARIALES



HZ8635561

Lo identifico por el documento de identidad reseñado y, a mi juicio, ejerce su capacidad jurídica mediante su decisión de otorgar esta escritura pública, y al efecto -----

EXPONE:-----

I.- Que el Patronato de la Fundación que representa, en sesión celebrada el día dieciocho de julio de dos mil veinticuatro, tomó el acuerdo de modificar los estatutos de la Fundación, de acuerdo con la propuesta firmada digitalmente que me entrega y que, tras comprobar su autenticidad con el correspondiente código de verificación, a su solicitud, incorpore a esta matriz. -----

Todo lo anterior resulta de la certificación que me entrega para unir a esta matriz, como así lo hago, de la que resulta haberse cumplido con todos los requisitos legales para la validez de los acuerdos. -----

II.- Y expuesto lo anterior, el señor compareciente, según interviene -----

OTORGA: -----

Eleva a público el acuerdo del Patronato de la Fundación Universidad da Coruña que representa, reseñado en el

apartado primero de la exposición de esta escritura, en los términos que resultan de la certificación unida la cual se da aquí por reproducida. -----

Yo la Notario hago constar expresamente que he cumplido con la obligación de identificación del titular real que impone la Ley 10/2010 de 28 de abril, consultada la base de datos de titular real, resulta que la persona jurídica representada consta en las bases de datos del Consejo General del Notariado como Corporación de Derecho Público. -----

Hago las reservas y advertencias legales, en especial informo de lo siguiente: -----

Sus datos personales serán objeto de tratamiento en esta Notaría, los cuales son necesarios para el cumplimiento de las obligaciones legales del ejercicio de la función pública notarial, conforme a lo previsto en la normativa prevista en la legislación notarial, de prevención del blanqueo de capitales, tributaria y, en su caso, sustantiva que resulte aplicable al acto o negocio jurídico documentado. La comunicación de los datos personales es un requisito legal, encontrándose el otorgante obligado a facilitar los datos personales, y estando informado de que la consecuencia de no facilitar tales datos es que no sería posible autorizar o intervenir el presente documento público. Sus datos se conservarán con carácter confidencial. -----



HZ8635560

La finalidad del tratamiento de los datos es cumplir la normativa para autorizar el presente documento, su facturación, seguimiento posterior y las funciones propias de la actividad notarial de obligado cumplimiento, de las que pueden derivarse la existencia de decisiones automatizadas, autorizadas por la Ley, adoptadas por las Administraciones Públicas y entidades cesionarias autorizadas por Ley, incluida la elaboración de perfiles precisos para la prevención e investigación por las autoridades competentes del blanqueo de capitales y la financiación del terrorismo. -----

El Notario realizará las cesiones de dichos datos que sean de obligado cumplimiento a las Administraciones Públicas, a las entidades y sujetos que estipule la Ley y, en su caso, al Notario que suceda o sustituya al actual en esta Notaría. -----

Los datos proporcionados se conservarán durante los años necesarios para cumplir con las obligaciones legales del Notario o quien le sustituya o suceda. -----

Puede ejercitar sus derechos de acceso, rectificación, supresión, limitación, portabilidad y oposición al tratamiento por correo postal ante la Notaría autorizante, sita en la calle

Ángel Senra, número 6, bajo, O Burgo, Culleredo (A Coruña).
Asimismo, tiene derecho a presentar una reclamación ante
una autoridad de control.-----

Los datos serán tratados y protegidos según la Legislación
Notarial, la Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre de
Protección de Datos de Carácter Personal (o la Ley que la
sustituya) y su normativa de desarrollo, y el Reglamento (UE)
2016/679 del Parlamento europeo y del Consejo de 27 de abril
de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo
que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre
circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva
95/46/CE.-----

Le leo esta escritura por su elección; presta
consentimiento a su contenido, del cual declara haber quedado
debidamente informado; y firma. -----

De haber identificado al compareciente por medio de su
documento identificativo reseñado en la comparecencia y que
me ha sido exhibido; de que el compareciente, a mi juicio,
tiene capacidad y está legitimado para este otorgamiento; de
que el consentimiento del otorgante ha sido libremente
prestado; de que el otorgamiento se adecua a la legalidad y a

HZ8635559

02/2024



la voluntad libre y debidamente informada del compareciente; y de que el presente instrumento público queda extendido en cuatro folios de papel timbrado exclusivo para documentos notariales, serie IB, el presente y los tres anteriores correlativos, yo, la Notaría, DOY FE.

Está la firma del compareciente. Signado, firmado y rubricado: MARÍA DE LA CRUZ NIETO PEÑAMARÍA. Está el sello de la Notaría.

Arancel sin cuantía

DILIGENCIA DE INCORPORACIÓN Y DE COTEJO DEL INSTRUMENTO N.º 2131/24

Doy fe de haber realizado la íntegra incorporación de esta matriz al protocolo electrónico y de su concordancia con el protocolo en papel, con lo cual doy por concluida esta diligencia de cuyo contenido, así como de que queda extendida en el presente y único folio de papel timbrado notarial, DOY FE.

Signado, firmado y rubricado: MARÍA DE LA CRUZ NIETO PEÑAMARÍA. Está el sello de la Notaría.

DILIGENCIA DE DEPÓSITO DEL INSTRUMENTO N.º

2131/24-----

Deposito con firma electrónica cualificada esta matriz en la sede electrónica del Consejo General del Notariado, que me devuelve el hash 39D7BD84B5154683C911ED0673540D3A correspondiente a la matriz y el hash 60838134A3BECD516E5158B342505D91 correspondiente a los unidos, con lo cual doy por concluida esta diligencia de cuyo contenido, así como de que queda extendida en el presente y único folio de papel timbrado notarial, DOY FE.-----

Signado, firmado y rubricado: MARÍA DE LA CRUZ NIETO
PEÑAMARÍA. Está el sello de la Notaría. -----

SIGUE DOCUMENTACIÓN UNIDA

Blank handwriting practice paper with horizontal dashed lines.

HZ8635558

02/2024



CERTIFICADO ACREDITATIVO DO CAMBIO DOS ESTATUTOS DA FUAC

Marta García Pérez, Secretaria do Padroado da Fundación Universidade da Coruña,

CERTIFICA

Que con data 18 de xullo do 2024, debidamente convocado, celebrouse xuntanza do Padroado da Fundación Universidade da Coruña, (FUAC) na que, conforme ao artigo 18 dos estatutos, foi sometido a votación e aprobado por unanimidade dos membros, os seguintes acordos:

Modificar os Estatutos da FUAC, medio propio e servizo técnico da Universidade da Coruña, de acordo coa proposta formulada polo presidente, adaptando a configuración como Medio Propio, cefindo, exclusivamente a participación como socio ou membro a entidades públicas, eliminando o Consello Asesor e adaptando as facultades delegadas na xerencia, entre outros cambios e encomendando ao xerente da Fundación a realización das actuacións precisas para a formalización dos acordos.

E para que así conste asígnase electronicamente a presente certificación.

A Secretaria
Asdo. Marta García Pérez

Vº Bº. O Presidente
P.A. O Vicepresidente
Antonio Abril Abadín

Código Seguro de Verificación	PaydIAgm39q7vUjDbtKccA==			
Asinado Por	Presidente do Consello Social - Antonio Abril Abadín			
Observacións	Secretaría Xeral - María María García Pérez			
Unidade Verificación	https://sede.udc.gal/servizos/validacion/PaydIAgm39q7vUjDbtKccA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			
		Estado	Data e hora	
		Asinado	29/07/2024 00:00:47	
		Páxina	19/07/2024 09:45:52	
			1/1	
				





PROPOSTA DE ESTATUTOS DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobados na xuntanza do Padroado celebrada o 18 de xullo do 2024

Código Seguro De Verificación	GV+QFngNBXtLxUVvYJ3s0og==		
Asinado Por	Presidente do Consello Social - Antonio Abriñ Abadín	Estado	29/07/2024 12:34:48
Observacións	Secretaría Xeral - María María García Pérez	Asinado	23/07/2024 11:09:39
Uti De Verificación	https://sede.udc.gal/servicios/validacion/gv+QFngNBXtLxUVvYJ3s0og==	Páxina	1/23
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





HZ8635557

02/2024



ÍNDICE

TÍTULO I. DISPOSICIONES XERAIS.....	4
ARTIGO 1. Denominación.....	5
ARTIGO 2. Natureza e réxime xurídico.....	5
ARTIGO 3. Consideración de medio propio.....	5
ARTIGO 4. Personalidade e capacidade.....	5
ARTIGO 5. Domicilio.....	6
ARTIGO 6. Ámbito de actuación.....	6
ARTIGO 7. Protectorado.....	6
TÍTULO II. OBXECTO E FINS FUNDACIONAIS.....	7
ARTIGO 8. Obxecto fundacional.....	8
ARTIGO 9. Fins fundacionais.....	8
ARTIGO 10. Actividades fundacionais.....	9
ARTIGO 11. Publicidade.....	10
ARTIGO 12. Persoas beneficiarias.....	11
TÍTULO III. GOBERNO DA FUAC.....	12
ARTIGO 13. Órganos de goberno.....	13
ARTIGO 14. O Padroado.....	13
ARTIGO 15. Presidencia, Vicepresidencia e Secretaría do Padroado.....	13
ARTIGO 16. Convocatoria do Padroado.....	13
ARTIGO 17. Funcións do Padroado.....	14
ARTIGO 18. Duración dos mandatos.....	15
ARTIGO 19. Desempeño dos cargos.....	16
ARTIGO 20. Dereitos, obrigas e responsabilidade dos membros do Padroado.....	16
ARTIGO 21. Da Directora ou Director Xerente.....	17
TÍTULO IV. PATRIMONIO E RÉXIME ECONÓMICO.....	19
ARTIGO 22. Patrimonio fundacional.....	20
ARTIGO 23. Financiamento.....	20
ARTIGO 24. Disposición e Administración do Patrimonio.....	20
ARTIGO 25. Orzamentos.....	21
ARTIGO 26. Liquidación.....	21

Código Seguro De Verificación	GV4PQNBXRXVUYJ3S0G==		
Asinado Por	Presidente do Consello Social - Antonio Abra Abadín		
Observacións	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez		
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/servicios/validacion/gv4PQNBXRXVUYJ3S0G==		
Notaría	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2016).		
Estado	Asinado	Data e hora	
	Fórmula	29/07/2024 12:34:48	
		23/07/2024 11:09:39	
		21/23	



TÍTULO V. MODIFICACIÓN, FUSIÓN E EXTINCIÓN DA FUAC.....	22
ARTIGO 27. Modificación, fusión e extinción.....	23

Código Seguro De Verificación	GV+OmgubXLRuvuyJ3a0g==	Estado	Asinado	Data e hora
Asinado Por	Presidente do Consello Social - Antonio Abriñ Abadín	Asinado	29/07/2024 12:34:48	
Observacións	Secretaría Xeral - María María García Pérez	Páxina	23/07/2024 11:09:39	3/23
Un De Verificación	https://sede.udc.gal/servicos/validacion/GV+OmgubXLRuvuyJ3a0g==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 30/2015).			



HZ8635556

02/2024



ESTATUTOS DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Código Seguro De Verificación	GV+QPN9IBXZUWVYJ35097--	Estado	29/07/2024 12:34:48
Asinado Por	Presidente do Consello Social - Antonio Xosé Abadín	Asinado	29/07/2024 11:09:39
Observacións	Secretaría Xeral - María María García Pérez	Páxina	4/23
Un De Verificación	https://sede.udc.gal/servicos/validacion/GV+QPN9IBXZUWVYJ35097--		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ESTATUTOS DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ARTIGO 1. Denominación

Coa denominación de FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA (FUAC), constitúese por tempo indefinido unha Fundación para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña (UDC) e as súas relacións coa sociedade.

ARTIGO 2. Natureza e réxime xurídico

De conformidade co disposto no artigo 63 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario; do artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; do artigo 129 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; e da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego e a súa normativa de desenvolvemento, a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA (FUAC) ten o carácter de Fundación Pública de Interese Galego, pertencente ao sector público autonómico Galego e adscrita á Administración autonómica de Galicia.

ARTIGO 3. Consideración de medio propio

Consonte prevén os artigos 32 e 33 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA (FUAC) ten o carácter de medio propio instrumental e servizo técnico da Universidade da Coruña e das outras entidades e institucións públicas que se incorporen ao Padroado de conformidade co disposto no artigo 15. A estes efectos, a FUAC fará pública e actualizará de forma periódica a relación de entidades e institucións respecto dos cales ten a consideración de medio propio e servizo técnico.

As relacións coas anteriores entidades, por conseguinte, non se considerarán de natureza contractual e son, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, articulándose a través de encargos de obrigado cumprimento para a FUAC, de acordo coas instrucións fixadas pola entidade autora do encargo e de conformidade coas tarifas e prezos aprobados polo Padroado da FUAC ou establecidos, con carácter xeral, na normativa propia da Universidade da Coruña.

A FUAC non poderá participar nas licitacións convocadas polos poderes adxudicadores respecto dos cales poda ser considerada medio propio.

ARTIGO 4. Personalidade e capacidade

A FUAC ten personalidade xurídica propia e plena capacidade xurídica e de obrar podendo realizar, en consecuencia, todas as actuacións precisas para o cumprimento dos fins fundacionais, con suxeición ao ordenamento xurídico.

Código Seguro De Verificación	GV+0PnqB8XtLxuvvY3J3s0g--		Estado	29/07/2024 12:34:48
Asinado Por	Presidente do Consello Social - Antonio Abal Abadín		Asinado	29/07/2024 11:09:39
Observacións	Secretaría Xeral - María María García Pérez		Páxina	5/23
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/servicios/validacion/GV+0PnqB8XtLxuvvY3J3s0g--			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			





HZ8635555

02/2024



ESTATUTOS DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ARTIGO 5. Domicilio

A FUAC ten o seu domicilio social na sede da Rectoría da UDC, sen prexuízo de que poda establecer axencias, delegacións e representacións en Ferrol e en calquera outro lugar de Galicia, ben como no resto do territorio español ou no estranxeiro, mediante acordo do Padroado que será igualmente competente para decidir o traslado dentro da mesma poboación.

ARTIGO 6. Ámbito de actuación

O ámbito de actuación preferente da FUAC é o da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo das relacións instrumentais que estableza con terceiros fóra dese ámbito territorial.

ARTIGO 7. Protectorado

O Protectorado da FUAC será exercido polo departamento da Xunta de Galicia que resulte competente, atendidos os fins da FUAC, de conformidade co disposto no artigo 47 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego.

Código Seguro De Verificación	GV+OPnqIBXtLxvuyJ3s0g==	Estado	Asinado	Data e hora
Asinado Por	Presidente do Concello Social	Asinado	29/07/2024 12:34:48	
Observacións	Secretaría Xeral - María María García Pérez	Páxina	23/07/2024 11:09:39	6/23
URL Da Verificación	https://sede.udc.gal/servicos/validacion/GV+OPnqIBXtLxvuyJ3s0g==			
Nota	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



TÍTULO II. OBXECTO E FINS FUNDACIONAIS

Código Seguro De Verificación:	gv+Qp9n8hXtLxuvuyJ3s0c9--	Estado:	Asinado	Data e hora:	29/07/2024 12:34:48
Asinado Por:	Presidente do Consello Social - Antonio Abriñ Abadín	Asinado:	Asinado		29/07/2024 11:09:39
Observacións:	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Páxina:	7/23		
Un Da Verificación:	https://sede.udc.gal/servicios/validacion/gv+Qp9n8hXtLxuvuyJ3s0c9--				
Normativa:	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				



HZ8635554

02/2024



ESTATUTOS DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ARTIGO 8. Obxecto fundacional

A FUAC ten por obxecto promover a realización das funcións propias da Universidade da Coruña e do Sistema Universitario de Galicia tal e como estas se definen nos Estatutos, na Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e na Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia ben como tamén das actividades auxiliares precisas para o seu adecuado cumprimento.

ARTIGO 9. Fins fundacionais

Os fins reitores da actuación da FUAC son:

- a) Promover a investigación científica, humanística e técnica, en colaboración coa Universidade da Coruña e outras institucións públicas e privadas, por medio de axudas tanto ao ensino docente, para a súa formación, promoción e actualización, canto ao alumnado, estimulando o estudo, a adecuada preparación para o exercicio de actividades profesionais, e unha formación humana integral de todas as persoas integrantes da comunidade universitaria.
- b) Colaborar coa Universidade da Coruña en cantas actuacións se promoveren para lograr a súa consolidación e desenvolvemento plenos.
- c) Canalizar, por si ou por medio dos servizos que considerar oportuno crear, a cooperación entre a Universidade da Coruña, o sector empresarial e entidades e institucións de distinta natureza, para que aquela realice estudos, traballos ou proxectos de investigación, técnica ou aplicada, en áreas científicas, técnicas ou artísticas, que se lle demandaren; a organización de prácticas curriculares e extracurriculares; programas de impulso á inserción laboral e de formación continua, ben como a asistencia a cursos de especialización, reciclaxe e actualización profesional que se impartiren que en España, quer no estranxeiro, subscribindo a tal fin os convenios que se estimaren precisos, e intervindo na súa xestión económica.
- d) Cantas outras actividades vinculadas á comunidade universitaria, a nivel local, autonómico, estatal ou internacional, perseguiren dar o debido cumprimento e desenvolvemento aos fins fundacionais, en particular os relacionados coa cultura, a ciencia, a tecnoloxía, a educación, a formación, a investigación, o emprego, a acción social e a cooperación ao desenvolvemento. Estas actividades estarán destinadas preferentemente á comunidade universitaria e a sectores da poboación como, entre outros, a mocidade, as persoas maiores, as mulleres, o colectivo LGTBIQ+, as persoas desempregadas, as persoas migrantes, as persoas discapacitadas co fin de promover a igualdade de oportunidades, as relacións entre a Universidade da Coruña e o tecido económico e o desenvolvemento social.
- e) A prestación de servizos relacionados coa operación e xestión de edificios e infraestruturas da Universidade da Coruña tais como, entre outros, os centros, servizos administrativos, institutos, instalacións deportivas, instalacións sanitarias, laboratorios, salas con

Código Seguro De Verificación	GVYQPNBNTXUUVYJ3A0G--	Estado	Datos de hora:
Asinado Por	Presidente do Consello Social - Abán Abadín	Asinado	29/07/2024 12:34:48
Operacións	Secretaría Xeral - María María García Pérez	Páxina	29/07/2024 11:09:39
URI Da Verificación	https://sede.udc.gal/servizos/validacion/gvyqpnbntxuvy3a0g--		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ESTATUTOS DA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA CORUÑA

equipamentos tecnolóxico ou cultural, incluíndo todos os elementos singulares que os compoñen. En particular, os servizos seguintes:

- A limpeza interior e exterior, hixienización, acondicionamento, e transporte e tratamento dos residuos derivados desas actividades de conformidade coa normativa vixente.

- A xestión das instalacións deportivas da Universidade da Coruña.

- Servizos de reprografía, edición, impresión e similares.

- Intervención sobre edificios e instalacións da Universidade da Coruña e preparación dos documentos arquitectónicos precisos.

ARTIGO 10. Actividades fundacionais

Para o logro dos seus fins, a FUAC poderá:

A Fundación Universidade da Coruña (a partir de agora FUAC), constituída o 24 de marzo de 1997, é unha organización privada de natureza fundacional que carece de ánimo de lucro e ten como finalidade de interese xeral colaborar na promoción e desenvolvemento dos fins propios da Universidade da Coruña (a partir de agora UDC) para contribuír a exercer con eficacia as funcións que a institución ten asignadas.

A FUAC, polos seus Estatutos, ten como fins fundacionais entre outros:

- Colaborar coa Universidade da Coruña en cantas actuacións se promoveren para lograr a súa consolidación e o desenvolvemento plenos.
- Cantas outras actividades vinculadas á comunidade universitaria, a nivel local, autonómico, estatal ou internacional, tendan a dar debido cumprimento e desenvolvemento aos fins fundacionais, relacionadas coa cultura, a ciencia, a tecnoloxía, a educación, a formación, a investigación, o emprego, a acción social ou a cooperación ao desenvolvemento, e destinadas preferentemente á comunidade universitaria e a sectores da poboación como a mocidade, as persoas maiores, as mulleres, as persoas desempregadas, os/as emigrantes retornados/as, os/as inmigrantes, persoas discapacitadas e outros colectivos, co fin de favorecer a igualdade de oportunidades, as relacións universidade-empresa e o desenvolvemento económico e social de toda a poboación.

Conforme ao que establece o artigo 32 da LCSP, a FUAC constitúe un medio propio da UDC, segundo consta expresamente no artigo 3 dos seus Estatutos, polo que quedarán excluídos do ámbito de aplicación das ditas leis os encargos que a FUAC reciba da UDC e que sexan de execución obrigatoria. Para estes efectos, as relacións da FUAC co poder adxudicador, do que é medio propio, ten natureza instrumental e non contractual, e articularase a través dos encargos previstos no citado artigo 32 da LCSP.

As actuacións executadas pola UDC a través do seu medio propio personificado materialízanse mediante encargos de xestión, cuxa natureza xurídica é distinta á propia dun contrato administrativo e, por tanto, quedan excluídos do ámbito da aplicación da LCSP.

A FUAC cumpre cos requisitos que recolle o artigo 32 da LCSP.

As tarifas deberanlle asegurar á entidade pública encomendante a eficacia na execución do encargo, é dicir, unha mellor execución da prestación, de forma que a atribución ao medio propio implique un valor engadido, susceptible de apreciación ou avaliación cuantitativa e/ou cualitativa. Este valor engadido pode derivar dun especial coñecemento da contorna universitaria ou dunha mellor organización para a execución da prestación, circunstancias estas que poden determinar unha maior eficiencia na realización da prestación encargada. Por iso, a xustificación da eficiencia na tramitación

Código Seguro De Verificación	v2DVqfRYMZSDoQN104EB2Q==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro			Asinado	30/09/2024 08:33:52
Observacións				Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/v2DVqfRYMZSDoQN104EB2Q==				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				





dun encargo pode responder a varias circunstancias, como o aforro económico, a mellor execución da prestación, a flexibilidade na organización do traballo, a dispoñibilidade ou por razóns de urxencia, entre outras.

2. TARIFAS DA FUAC PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE, SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL NOS EDIFICIOS E LOCAIS DA UDC.

2.1. Proceso de elaboración das tarifas

Para elaborar as tarifas utilizouse como base un estudo técnico e económico realizado por un consultor independente con experiencia na licitación de servizos de limpeza en universidades públicas, para avaliar as diferentes opcións da prestación do servizo.

Os estudos realizados abarcan os edificios e os locais da UDC situados nos campus de Coruña e de Ferrol, para o que se utilizaron os datos do persoal que se subrogará, entregados polas actuais empresas prestatarias do servizo.

Tamén é necesario ter en conta o tipo de servizo que se prestará, que consiste en preparar os espazos en que se desenvolven diferentes actividades para os manter en correcto estado de decoro e hixiene.

2.2. Estrutura xeral, criterios e procedemento de cálculo da tarifa

O procedemento de cálculo das tarifas baséase no estudo dos custos previstos, utilizando como base de cálculo os datos do histórico de custo do servizo e a dimensión do servizo que se prestará, tendo en conta a diferente tipoloxía de edificios e as súas necesidades de limpeza.

O primeiro paso para o cálculo da tarifa foi determinar o número de horas do persoal actual do servizo que se subrogará.

Posteriormente, analizáronse as novas necesidades da UDC, tendo en conta a tipoloxía dos edificios, a afluencia de estudantes, as actividades investigadoras, as datas de peche de centros e as novas dinámicas establecidas no plan estratéxico de medidas de aforro enerxético.

Desta forma, as tarifas obtéñense a partir do cálculo dos custos, directos e indirectos para, posteriormente, repartilo entre as horas que se precisan en cómputo anual para garantir un servizo que cubra as necesidades da UDC.

Para realizar a análise e a proxección de custos tivéronse en conta, entre outros, os seguintes factores:

- a xornada semanal
- os salarios por convenio
- as cotizacións á Seguridade Social
- o absentismo previsto
- o cadro de persoal dispoñible que debe asumir a FUAC, segundo a obriga de subrogación prevista nos convenios colectivos provinciais do sector
- a revisión salarial prevista
- a cantidade destinada a arrendamento de equipos para traballos en altura
- a cantidade e a tipoloxía dos equipos destinados a investimentos
- o custo da antigüidade do persoal
- os custos de investimento e financiamento do investimento

Código Seguro De Verificación	v2DVqfRYMZSDoQN104EB2Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	30/09/2024 08:33:52
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/v2DVqfRYMZSDoQN104EB2Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- a porcentaxe do custo de produtos de limpeza, outros materiais e útiles e consumibles hixiénicos en relación coa man de obra
- unha porcentaxe estimada de gastos xerais ou estrutura
- o custo da asesoría laboral legal
- o custo da xestoría laboral
- o custo de subcontratación DDD (desratización, desinsectización e desinfección)
- o custo do servizo de prevención alleo

2.3. Cálculo das tarifas

Como referencia para determinar as tarifas, emprégase a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2075/2014, do 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais.

Así, podemos distinguir entre man de obra directa, os custos asociados ao servizo e os custos asociados á xestión da FUAC.

Para realizar o cálculo das tarifas sobre o importe da tarifa por hora tómasse como base de cálculo a proxección da anualidade correspondente a 2023, por ser o exercicio en que se dispón de salarios actualizados. Sobre esta base determínase a tarifa hora:

TIPO DE CUSTE	CONCEPTO	IPC	2,50%				
		EXERCIZO	2024	2025	2026	2027	2028
		PAZO	OUT-DEC	XAN-DEC	XAN-DEC	XAN-DEC	XAN-DEC
MAN DE OBRA DIRETA	SOLDOS E SALARIOS E SEGURIDADE SOCIAL	2.105.577,37 €	545.870,93 €	2.238.070,83 €	2.294.022,60 €	2.351.373,16 €	2.410.157,48 €
	PREVISIÓN SUBIDA CONVENIO	77.906,36 €					
CUSTES ASOCIADOS AO SERVIZO	SUPERVISIÓN (1%)	21.834,84 €	60.186,23 €	246.763,52 €	252.932,61 €	259.255,93 €	265.737,33 €
	MATERIAIS DE CONSUMO (3,5% MOD)	76.421,93 €					
	VESTIARIO	14.701,50 €					
	SUMINISTROS ASEO (2,5% MOD)	66.050,38 €					
	AMORTIZACIÓN MAQUINARIA	15.000,00 €					
	CONTEDORES DESTRUCCIÓN DOCUMENTAL	7.411,25 €					
	SERVIZO DDD	21.175,00 €					
	PREVENCIÓN E OUTROS SERVIZOS	18.150,00 €					
CUSTES ASOCIADOS Á FUAC	PERSOAL COORDINACIÓN	60.000,00 €	68.174,41 €	279.515,08 €	286.502,96 €	293.665,53 €	301.007,17 €
	PERSOAL SUPERVISIÓN	53.200,00 €					
	GASTOS INDIRECTOS	159.497,64 €					
	TOTAL		674.231,57 €	2.764.349,43 €	2.833.458,17 €	2.904.294,62 €	2.976.901,99 €
	HORAS ANO SOLICITADAS EFECTIVAS		36.210	144.841	144.841	144.841	144.841
	PREZO/HORA		18,62	19,09	19,56	20,05	20,55

O custo resultante para o primeiro ano de actividade prevese en 18,62 euros/hora.

3. Aplicación, vixencia e revisión da tarifa

As tarifas serán obxecto de revisión con carácter anual, ao inicio de cada ano natural, ou de maneira extraordinaria cando concorran circunstancias de variabilidade de prezos de mercado ou de cambios substanciais na estrutura de custos da FUAC que así o aconsellen, por medio do Padroado e de acordo co mesmo procedemento seguido para a súa aprobación.

Código Seguro De Verificación	v2DVqfRYMZSDoQN104EB2Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Xerenta - María Jesús Grela Barreiro	Asinado	30/09/2024 08:33:52
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/v2DVqfRYMZSDoQN104EB2Q==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



INFORME ECONÓMICO SOBRE EL CUMPLIMIENTO DE LOS ARTÍCULOS 32 DE LA LEY 9/2017, DE 8 DE NOVIEMBRE, DE CONTRATOS DEL SECTOR PÚBLICO, POR LA QUE SE TRANSPONEN AL ORDENAMIENTO JURÍDICO ESPAÑOL LAS DIRECTIVAS DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO 2014/23/UE Y 2014/24/UE, DE 26 DE FEBRERO DE 2014 Y EL ARTÍCULO 49 DE LA LEY 16/2010, DE 17 DE DICIEMBRE, DE ORGANIZACIÓN Y FUNCIONAMIENTO DE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL Y DEL SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA PARA EL ENCARGO DE GESTIÓN DEL SERVICIO DE LIMPIEZA RESPETUOSO CON EL MEDIOAMBIENTE Y CON LA SEGURIDAD Y SALUD LABORAL.

1.-OBJETIVO

La Universidad de A Coruña (en adelante UDC) nos ha encargado un informe económico para analizar un posible encargo de gestión al medio propio Fundación Universidade da Coruña (en adelante FUAC), con el alcance concreto referido más adelante. Todo ello, con el objetivo de garantizar, desde la perspectiva económica, el cumplimiento de los artículos 32 de la ley de contratos y artículo 49 de la LOFAXGA.

Elabora el informe doña Margarita Vázquez Jarabo, economista colegiada número 658 del Colegio de Economistas de Pontevedra.

2.-ALCANCE Y DATOS ANALIZADOS

El presente informe económico y de cálculo para analizar el encargo de gestión del servicio de limpieza respetuoso con el medioambiente y con la seguridad y salud laboral se ha elaborado con base, exclusivamente, a los siguientes datos y documentos suministrados por la UDC:

- Personal a subrogar de los lotes de limpieza de los expedientes de licitación:
 - 2016/4002: 11 lotes

- 2015/4003 con 6 lotes
- Estudio económico del personal a subrogar (ANEXO I)
- Copia del convenio colectivo Limpieza De Edificios y Locales vigente.
- Estudio del cuadro de tarifas a aplicar (ANEXO II)
- Memoria justificativa de la concurrencia de los requisitos de eficacia, eficiencia y rentabilidad del encargo de gestión para la ejecución del servicio de limpieza respetuoso con el medio ambiente, seguridad y salud laboral en los edificios y locales de la UDC. (ANEXO III)
- Copia de los estatutos actualizados en 2023 de la FUAC (ANEXO IV)
- Copia del alta en el IAE de la FUAC para poder ejercer la actividad encomendada (ANEXO V)
- Listado de medios a disposición para la ejecución del encargo (ANEXO VI)
- Copia de las cuentas anuales de la FUAC ejercicio 2022 (ANEXO VII)

Todos estos datos y documentos suministrados por la UDC no han sido analizados, ni cotejados ni comprobados por estar fuera del alcance del informe requerido por la UDC. Por ello, los efectos y la exactitud de este informe dependen de la exactitud y la veracidad de los datos suministrados por la UDC.

En consecuencia, es ajeno al alcance de este informe la comprobación de la veracidad de los datos y documentos suministrados anexos a este informe. Este informe, en ningún caso, pretende ser un informe jurídico.

Todas las apreciaciones o valoraciones sobre el cumplimiento de los requisitos de los artículos 32 y 49 se realizan, exclusivamente, desde la perspectiva económica y de cálculo, con relación a los documentos suministrados. Quedan fuera del alcance de este informe el análisis jurídico o interpretativo del cumplimiento de los requisitos expuesto.

3.-CUMPLIMIENTO ARTICULO 32 LEY DE CONTRATOS

Con el alcance concreto desarrollado en el punto anterior y los documentos y datos suministrados por la UDC, se analiza en este apartado las exigencias económicas establecidas en el artículo 32 de la Ley 9/2017 de contratos del sector público relativos a los encargos de gestión.

3.1-Compensación tarifaria: A la vista de la documentación suministrada, se comprueba que la UDC ha realizado un cálculo de las tarifas anuales aplicables durante la duración del encargo y que dichas tarifas, de acuerdo con el Anexo II es coherente con los costes previstos del servicio. Para el cálculo de la tarifa se han tenido en cuenta los costes reales del personal a subrogar y una estimación de costes directos en base a consultas al mercado. Las subcontrataciones cuentan con presupuesto de terceras empresas y los costes indirectos son el 11% cuyo porcentaje está en el umbral habitual (10%-20%).

3.2-La FUAC merece la calificación jurídica de medio propio personificado:

- a) La UDC como poder adjudicador, en mi opinión, ejerce sobre la FUAC un control, directo o indirecto, análogo al que puede ostentar sobre sus propios servicios o unidades, llegando a poder decidir sobre sus objetivos estratégicos y decisiones significativas. El presidente de la FUAC es el propio rector o un exrector y todos los miembros del patronato son designados por la UDC.
- b) Las tarifas calculadas cumplen el criterio de coste efectivo soportado por la FUAC para las actividades objeto del encargo tal y como se ha comentado anteriormente.
- c) La FUAC ejecuta dentro de su actividad más del 80 por ciento de actividades encomendadas por la UDC según lo analizado en la memoria de actividades.
- d) En cuanto a su patrimonio, la FUAC se constituyó en escritura pública de 24 de marzo de 1997 y de acuerdo con sus estatutos, es una institución de carácter benéfico-docente constituida para la promoción, desarrollo y financiación de las actividades propias de la UDC. En 2016 la FUAC se transformó en una entidad 100% pública al haber renunciado las entidades privadas presentes en

su creación a los derechos políticos en favor de la UDC, cuyos representantes, a la fecha del presente informe, ocupan la totalidad del Patronato (la mitad son nombrados por el órgano colegiado Consello de Goberno y la otra mitad nombrado por el órgano colegiado Consello Social).

- e) La condición de medio propio personificado de la entidad destinataria del encargo respecto del concreto poder adjudicador está reconocido expresamente en sus estatutos.

Para la verificación de este punto se ha tenido en cuenta lo establecido en el artículo 32 de la Ley de contratos, en el cual estipula que se entenderá que existe control conjunto cuando se cumplan todas las condiciones siguientes:

- 1.º Que en los órganos decisorios del ente destinatario del encargo estén representados todos los entes que puedan conferirle encargos, pudiendo cada representante representar a varios de estos últimos o a la totalidad de ellos.
- 2.º Que estos últimos puedan ejercer directa y conjuntamente una influencia decisiva sobre los objetivos estratégicos y sobre las decisiones significativas del ente destinatario del encargo.
- 3.º Que el ente destinatario del encargo no persiga intereses contrarios a los intereses de los entes que puedan conferirle encargos.

- b) El importe de las prestaciones parciales que el medio propio pueda subcontratar con terceros no excede del 50 por ciento de la cuantía del encargo.

4.-CUMPLIMIENTO ARTICULO 49 LOFAXGA

El artículo 49 de la LOFAXGA establece que las encomiendas de gestión a medios propios, como es en el caso que nos ocupa a la FUAC, deberá disponer de la estructura y servicios técnicos suficientes para hacerse responsable de la organización y gestión de los trabajos que desarrolle y de las prestaciones encargadas, así como de su calidad técnica.

De acuerdo con la información recibida se puede informar su cumplimiento ya que la FUAC, en mi opinión, dispone de Solvencia económica:

La casuística de la FUAC en relación con la contabilización de los ingresos y gastos ejecutados en nombre de la UDC implica que no se registren en la cuenta de resultados de la Fundación, sino que la técnica contable elegida por el medio propio ha sido contabilizarlo en el balance de la entidad tanto en el activo como en el pasivo como actividades realizadas para un tercero, en este caso la UDC.

Esta información se ha contrastado con la memoria de las cuentas anuales (página 12 de 47) donde indica “Os gastos e ingresos asociados aos ditos programas impútanse contablemente na conta de balance de cada programa no momento en que se fai efectivo o seu pagamento ou cobramento. Ao pechar o exercicio clasifícanse dentro do epígrafe de «Acredores por programas» do pasivo do balance polo importe comprometido para o seu pagamento aos beneficiarios, neto do importe do canon cobrado pola Fundación, e nos epígrafes «Usuarios e outros debedores da actividade propia» do balance adxunto, polo importe pendente de cobramento ao peche do exercicio.”

Se ha revisado el balance de situación del ejercicio 2022 y la memoria de actividades presentada por la FUAC de la que se extrae lo siguiente:

- página 37 (investigación 2022): El volumen económico gestionado fue de 4.018.311 euros (importe ingresado y cobrado), correspondiente a 234 contratos firmados (media de 17.172,3 euros por contrato).
- página 39 (cátedras/aulas institucionales 2022): 638.888 euros (importe ingresado y recaudado), correspondientes a 20 cátedras/aulas institucionales (media 31.944,38 euros por Cátedras/aulas institucionales).

La memoria de actividades de la FUAC también hace referencia a las actividades desarrolladas en el ámbito laboral, cuyo resumen para el ejercicio 2022 es:

- Pág. 54 (prácticas de formación en empresas): 6.470 meses-prácticas remuneradas para la búsqueda de empleabilidad.

- Pág. 58 (ofertas de empleo y gestión de perfiles especializados): 87 ofertas de empleo.
- Pág. 59. 102 secretarías técnicas. A través de este servicio, FUAC brinda servicios específicos directamente a proyectos en diferentes áreas y contenidos como el tecnológico y de comunicación (lanzamiento y mantenimiento de páginas web, gestión de portafolios de proyectos, interacción con aapp, organización de actos y eventos, generación de contenidos de comunicación, gestión y mantenimiento de redes sociales, campañas SEO, etc.).

Todos los apartados anteriores suponen que, durante el año 2022, el volumen gestionado fue superior a los 6.000.000 euros, ya que, en la propia memoria, en el apartado del cumplimiento del plazo legal de pago, se refiere a la cifra de 6.674.226,06 € pagados en plazo durante el ejercicio 2022. Por ello, desde este punto de vista y partiendo de los datos suministrados, en mi opinión, la FUAC tendría capacidad de ejecutar proyectos de transferencia de conocimiento universidad-sociedad.

Asimismo, para ratificar esta opinión se ha comprobado en el balance de las cuentas anuales de 2022 que la FUAC dispone de una tesorería de 5.698.977,35€ lo que ratifica la opinión sobre su solvencia.

5.-CONCLUSIONES

En base a la documentación suministrada y con el objetivo único de comprobar el cumplimiento, desde la perspectiva económica y de cálculo, de los requisitos establecidos en los artículos 32 de la ley de contratos y artículo 49 de la LOFAXGA, podemos concluir que la FUAC cumple los requisitos mínimos exigidos y que económicamente se puede llevar a cabo el encargo de gestión del servicio de limpieza respetuoso con el medioambiente y con la seguridad y salud laboral.

En Vigo, a 29 de septiembre de 2023.



Margarita María Vázquez Jarabo
Col. número 658

ANEXOS:

ANEXO I: Estudio económico del personal a subrogar

ANEXO II: Estudio del cuadro de tarifas a aplicar

ANEXO III: Memoria justificativa de la concurrencia de los requisitos de eficacia, eficiencia y rentabilidad del encargo de gestión para la ejecución del servicio de limpieza respetuoso con el medio ambiente, seguridad y salud laboral en los edificios y locales de la UDC

ANEXO IV: Estatutos FUAC actualizados en 2023

ANEXO V: certificado de alta FUAC en el IAE para poder ejercer la actividad encomendada

ANEXO VI: Listado de medios a disposición para la ejecución del encargo

ANEXO VII: Cuentas anuales de la FUAC ejercicio 2022

MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS DISPOÑIBLES PARA A EXECUCIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA Á UDC

A FUAC dispón de estrutura e medios apropiados para, conforme aos seus estatutos, dar resposta aos encargos que recibe.

ESTRUCTURA

O organigrama do persoal da FUAC se distribue, a nivel interno, tal e como se detalla de seguido:

Xerencia. Persoa con funcións de xestión xeral e dirección dependente directamente do Padroado para execución das súas políticas e instrucións.

- Área de Operacións:
 - Unha persoa coordinadora da área.
 - Duas persoas encargas de limpeza.
 - Plantilla de persoal de limpeza a partir da subrogación realizada 1/12/2023.
- Área de Proxectos:
 - Unha persoa responsable do encargo de limpeza para as tarefas de seguemento económico, incidencias, reporte á UDC, calidade, etc.
- Área de Administración:
 - Unha persoa Xefa de Administración.
 - Plantilla de persoal técnico de administración.
 - Plantilla de persoal técnico de recursos humanos.

RECURSOS E MEDIOS DISPONIBLES

ESPAZOS	Oficinas centrais no 2º andar do edificio Normal do Campus de Riazor
	Almacén de material e taller no edificio de Socioloxía no Campus de Elviña
	Oficinas do persoal de operación na Escola de Enxeñaría de Camiños do Campus de Elviña.
FINANCIEIROS	Recursos necesarios para a financiación do servizo.
EQUIPAMENTO E MAQUINARIA	Diverso mobiliario de oficina
	Equipos informáticos, impresoras multifunción, de comunicacións, etc...
	Maquinaria diversa para a prestación do servizo e os seus repostos (fregadoras, hidrolimpiadoras, rotativas, aspiradoras, etc...
	Software de traballo como o sistema de control horario, sistemas contables, diversos sistemas propios de xestión, etc.
VEHÍCULOS	Furgoneta do servizo de limpeza (Renting)
MATERIAIS	Equipamento e material necesario para a prestación do servizo e os seus repostos (carros, escobas, panos).
	Vestuario e EPIs entregados á plantilla e repostos de xestión almacenados.
	Productos distribuídos por cada edificio obxecto do servizo así como stockage de reposición.
	Consumibles de oficina e papelería así como ofimáticos (repostos, tonner, etc) para o correcto desempeño do persoal do servizo.

INFORME FAVORABLE Á PROPOSTA DE RESOLUCIÓN REITORAL DE ENCARGO Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE E COA SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Universidade da Coruña (a partir de agora UDC) conta con máis de 50 edificios repartidos entre os campus da Coruña e Ferrol. Para o correcto funcionamento das actividades desenvolvidas nos centros da UDC é precisa a prestación do servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente e coa seguridade e saúde laboral.

SEGUNDO. Durante anos, a UDC tivo contratado este servizo mediante licitación pública, repartido en numerosos expedientes. En 2023 realizou un encargo á FUAC para a xestión do servizo (R.R. do 10 de xullo), que resultou anulado por Resolución nº 226/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (en diante TACGal) polas razóns que se sinalarán. A formalización de dito encargo veu xustificada non so por un criterio de eficiencia no gasto público, senón e principalmente pola necesidade de contar con flexibilidade na organización do servizo. Os cambios nas necesidades docentes derivados dos novos plans formativos, a variabilidade do número de estudantes matriculados cada ano e mesmo as incertezas derivadas das crises, como a COVID ou a enerxética, poñen en valor a internalización do servizo e a capacidade de autoorganización do mesmo.

TERCEIRO. Mediante Resolución reitoral de 10 de xullo de 2023, a UDC realizou o encargo do servizo á FUAC. Por Resolución nº 226/2023, do 28 de decembro, o TACGal anulou dita resolución por incumprir a esixencia legal recollida no artigo 32.2.c) LCSP, que dispón que cando o ente destinatario do encargo sexa un ente de personificación xurídico-privada, a totalidade do seu capital ou patrimonio ten que ser de titularidade pública. O TACGal considerou que na FUAC existían socios privados que realizan achegas periódicas económicas.

CUARTO. Na sesión celebrada o 18 de xullo de 2024, o Padroado da FUAC tomou o acordo de modificar os Estatutos da Fundación. Segundo consta na certificación expedida pola Secretaria do Padroado, aprobouse por unanimidade o seguinte acordo:

“Modificar os estatutos da FUAC, medio propio e servizo técnico da Universidade da Coruña, de acordo coa proposta formulada polo presidente, adoptando a configuración como medio propio, ceñindo exclusivamente a participación como socio ou membro a entidades públicas, eliminando o Consello Asesor...”.

Dase, por tanto, cumprimento a o único requisito que se entendeu incumplido polo TACGal para que a FUAC poda asumir o encargo, polo que procede ditar nova resolución que o formalice.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. O encargo faise conforme ao disposto no artigo 32.2 LCSP

A FUAC ten a condición de medio propio da UDC porque cumpre as esixencias establecidas no artigo 32 LCSP.

Así, en primeiro lugar, a UDC exerce sobre a FUAC un control, directo o indirecto, análogo ao que ostentaría sobre os seus propios servizos o unidades, de maneira que pode exercer sobre dita fundación unha influencia decisiva sobre os seus obxectivos estratéxicos e decisións significativas.

Código Seguro De Verificación	USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==		
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	1/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Tal e como se sinala no propio artigo 32, entenderase que o poder adxudicador que pode conferirlle encargos ostenta sobre o ente destinatario do mesmo un control análogo ao que exerce sobre os seus propios servizos o unidades cando poda conferirlle encargos que sexan de execución obrigatoria por así establecelo os estatutos, de maneira que exista unha unidade de decisión entre eles, de acordo con instrucións fixadas unilateralmente por el ente que pode realizar el encargo. Pois ben, segundo se dispón no artigo 3 dos Estatutos da FUAC, as relacións desta coa UDC non se considerarán de natureza contractual e son, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado.

En segundo lugar, máis do 80 por cento das actividades da FUAC lévanse a cabo no exercicio dos labores que lle foron confiados pola UDC.

En terceiro lugar, o patrimonio da FUAC é público, logo da modificación dos seus Estatutos realizada por acordo do seu Padroado o 18 de xullo de 2024. Tras a modificación dos Estatutos, desaparece o Consello Asesor e os membros fundadores ou de número non públicos, quedando conformado o Padroado por 16 membros da UDC e coa posibilidade de incorporación de entidades e institucións públicas (artigo 14).

En cuarto lugar, a condición de medio propio personificado da FUAC respecto da UDC recoñécese expresamente no artigo 3 dos seus Estatutos, para o que resultou preciso verificar con carácter previo a dispoñibilidade de medios persoais e materiais apropiados para a realización dos encargos de conformidade co seu obxecto social. A mención estatutaria cumpre coas esixencias dispostas no artigo 32 respecto das determinacións necesarias que deben recollerse nos estatutos: o poder adxudicador respecto do cal ten esa condición; o réxime xurídico e administrativo dos encargos que se lles poidan conferir; e establecer a imposibilidade de que participen en licitacións públicas convocadas pola UDC.

II. O encargo cumpre coas esixencias establecidas no artigo 49 da Lei 16/2010

O obxecto do encargo -xestión do servizo de limpeza- está expresamente recollido no artigo 9 dos Estatutos da FUAC: “A limpeza interior e exterior, hixienización, acondicionamento, e transporte e tratamento de residuos derivados desas actividades d conformidade coa normativa vixente”. E entre as actividades económicas rexistradas da FUAC está expresamente a recollida no epígrafe do IAE 922.

A FUAC dispón de estrutura e servizos técnicos suficientes para facerse responsable da organización e xestión dos traballos que desenvolva e das prestacións encargadas así como da súa calidade técnica, cumpríndose a esixencia do artigo 49 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Consta no expediente:

- Unha memoria xustificativa da eficacia, eficiencia e rendibilidade do encargo de xestión
- Un informe sobre as tarifas aplicables
- Un informe económico externo sobre a encarga a realizar
- Unha listaxe de medios humanos e materiais dispoñibles para a execución do servizo

Todos estes documentos foron postos a disposición do TACGal a propósito da execución da súa Resolución nº 154/2023, de 8 de setembro, que anulou o primeiro dos encargos formulados pola UDC á FUAC por ausencia no expediente de xustificación suficiente da estrutura e medios necesarios, e que obrigou a retrotraer as actuacións. De feito, o TACGal, na súa Resolución nº

Código Seguro De Verificación	USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	27/09/2024 18:15:21
Observacións		Páxina	2/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



226/2023 declara que “consta documentalmente unha análise xustificativa sobre a capacidade da Fundación para facer fronte á execución do encargo”, e concreta que, en canto ao persoal, cómpre salientar que no ámbito do servizo a executar consta o dereito de subrogación dos traballadores actualmente adscritos, que na listaxe que consta no expediente ascenden a case 140 persoas, e en canto aos medios materiais, constan previstos ou en fase de implantación na listaxe de medios propios a adscribir ao servizo varios espazos físicos ou un sistema de control horario.

Polo exposto,

INFÓRMASE FAVORABLEMENTE o encargo á FUAC para a xestión do servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente e coa seguridade e saúde laboral, suxeito ás seguintes CLÁUSULAS:

1ª. Este encargo baséase no artigo 32 da LCSP, por tanto, ten un carácter obrigatorio para a FUAC, que a deberá aceptar e executar conforme ás instrucións técnicas, administrativas e académicas da UDC para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes.

2ª. A competencia seguirá sendo da UDC, que será a que estableza as tarifas, a apertura, uso e afluencia das instalacións así como a normativa dos centros. A FUAC unicamente se encargará da súa xestión diaria e da actividade operativa da limpeza.

As tarefas obxecto deste encargo que debe realizar a FUAC, así como os requisitos para as desenvolver, son a de dar prestar un servizo integral de limpeza respectuoso co medio ambiente e coa seguridade e saúde laboral, aportando os medios humanos, técnicos, materiais e organizativos para unha correcta prestación do encargo.

3ª. A responsabilidade do encargo recaerá na Xerencia da UDC que poderá nomear un/unha interlocutor/a coa FUAC. Establécese como dirección da execución do encargo á Xerencia da FUAC, sendo esta polo tanto a responsable da execución técnica, administrativa e económica do encargo.

4ª. O pagamento da cantidade estipulada realizarase tras a xustificación das tarefas executadas e a certificación do gasto realizado.

Haberá unha tarifa pola cal a UDC pagará por esta xestión. Haberá unha liquidación, posto que o encargo non pode supor custo para a FUAC, que se fará ao final de cada exercicio económico co resumo de gastos directos e indirectos.

Mensualmente, a FUAC enviará unha certificación parcial do número de horas executado comparado co número de horas previsto para solicitar o pago á UDC. A UDC abonará mensualmente a cantidade que resulte de aplicar a tarifa vixente co número de horas realmente executado.

A UDC establecerá un sistema de control horario para garantir a execución do servizo nos centros estipulados. A FUAC deberá presentar nas certificacións este control horario.

Contémplanse posibles anticipos a favor da FUAC mediante solicitude previa por escrito para garantir a correcta prestación do servizo. Estes anticipos serán descontados da certificación anual.

As certificacións incluírán:

Gastos directos:

A FUAC presentará os gastos directamente soportados para a execución do encargo, entre os que destacan:

-gasto real do persoal directo de execución do encargo

Código Seguro De Verificación	USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==		
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	3/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



- gasto de material funxible e produtos de limpeza
- gasto do persoal coordinador do encargo
- gastos directos de amortización de inversións relacionados directamente co encargo
- gastos das subcontratas e asesorías precisas
- calquera outro gasto, indemnizacións do persoal ou continxencia directa do servizo

Terase en conta en todo momento o convenio colectivo de aplicación do persoal asignado directamente pola FUAC as tarefas de limpeza.

Gastos xerais:

Dentro do cálculo da tarifa xa se tivo en conta un importe para os gastos indirectos da FUAC. Os custos indirectos imputados pola FUAC polas estas tarefas non requirirán xustificación.

5ª. A FUAC presentará unha certificación económica como balance final de cada exercicio económico, dentro do mes de xaneiro seguinte. O dito balance final incluírá:

- Gastos reais soportados segundo o indicado na cláusula cuarta.
- Remanente/déficit xerado ou acumulado polo cobro da tarifa por hora establecido.
- Anticipos recibidos no seu caso.
- Solicitude de emisión de nota de cargo para reintegro dos remanentes ou, se houberse diferenza negativa, compensación do déficit.

6ª. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre a realización dos traballos do encargo. Para este efecto,

- A FUAC levará unha contabilidade analítica separada de ingresos e gastos directos para o que establecerá os criterios operativos para a imputación que corresponder dos gastos xerais.
- A FUAC conservará todos os documentos xustificativos do gasto directo, que quedarán debidamente custodiados e á disposición da UDC, en canto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

7ª. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio para desenvolver as actuacións encomendadas, a FUAC empregará o galego, para o que utilizará para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

8ª. A realización do encargo non suporá a existencia dunha relación funcional nin laboral do persoal da FUAC dedicado ao encargo coa UDC.

9ª. É obriga da FUAC e da UDC publicar este encargo na súa páxina web e no correspondente perfil do contratante.

10ª. A execución deste encargo comezará o 1 de outubro de 2024.

A duración deste encargo será até o 31 de decembro de 2028, e o prazo máximo de xustificación de cada exercicio rematará o 31 de xaneiro do ano posterior á finalización de cada exercicio.

Este encargo de xestión poderá ser prorrogado por períodos anuais de xeito explícito por decisión do reitor sempre antes da finalización do período inicial ou dalgunha das súas prórrogas.

11ª. Correspóndelle á UDC, a través da Xerencia, a interpretación do encargo, así como resolver as

Código Seguro De Verificación	USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	27/09/2024 18:15:21
Observacións		Páxina	4/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

12ª. A execución deste encargo de xestión implica o tratamento dos seguintes datos persoais por parte da UDC: datos identificativos do persoal, antigüidade, idade, grao de discapacidade e situacións persoais necesarias para a correcta prestación do servizo. No tratamento destes datos, respectarase na súa integridade o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

O tratamento destes datos persoais terá a finalidade prevista neste encargo de xestión, que é a prestación do servizo de limpeza respectuoso co medio ambiente a seguridade e saúde laboral. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD.

A FUAC seguirá as instrucións técnicas, administrativas e académicas da UDC para a interpretación dos traballos encomendados. Deste xeito, actuará como encargada do tratamento dos datos persoais aos que necesitará acceder para o desempeño das súas funcións, e cumprirá polo tanto co previsto no artigo 28 RXPd.

Na data da sinatura dixital

A SECRETARIA XERAL

Código Seguro De Verificación	USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	27/09/2024 18:15:21
Observacións		Páxina	5/5
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/USH2bcF6v1m940/uRnUQcA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

